

The page features a decorative graphic on the right side consisting of three overlapping circles in shades of blue, arranged vertically. Two thin blue lines intersect at the top left and extend diagonally across the page, framing the circles. The text is positioned on the left side of the page.

**PROGRAMACIÓN DO 2º
CICLO DE EDUCACIÓN
INFANTIL CEIPP SANTA
MARÍA**

CURSO 2020 – 2021

ÍNDICE

I.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	Páx.3
II.- ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN	Páx.4
1. CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	Páx.4
2. OBXECTIVOS	Páx.7
3. SECUENCIA DE CONTIDOS	Páx.9
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	Páx.11
4.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.	Páx.13
5. PERÍODO DE ADAPTACIÓN	Páx.13
6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA	Páx.14
6.1 Adecuación á situación COVID-19: ESCENARIOS	Páx.15
6.2 Concreción do “Plan de adaptación á COVID-19”	Páx.16
7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Páx.18
7.1 Diversidade do aula	Páx.18
7.2 Alumnado con N.E.A.E.	Páx.19
8. CONCRECIÓN DO PLAN TIC	Páx.19
9. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	Páx.20
10. RECURSOS DIDÁCTICOS	Páx.21
11. ACCIÓNS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR	Páx.22
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	Páx.23
13. EDUCACIÓN EN VALORES	Páx.23
14. PROXECTO LINGÜÍSTICO	Páx.24
15. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN	Páx.25

I.- INTRODUCCIÓN

A continuación presentamos a **Programación de Ciclo** que levaremos a cabo cos nenos e nenas de **Educación Infantil** do **CEIP Plurilingüe Santa María**.

Trátase dun colexio de educación infantil e primaria con **9 unidades** situado en As Pontes de García Rodríguez, na provincia de A Coruña.

O colexio conta con **xornada única**. As instalacións cumpren os requisitos mínimos establecidos pola lexislación vixente. A escola conta con **dous pavillóns de dúas plantas**, un para educación infantil e 1º e 2º de educación primaria e outro para 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria. No edificio do pavillón pequeno na planta baixa están: as 3 aulas de educación infantil (a de 3 anos con baño no seu interior) e na planta alta as dúas aulas de educación primaria e o local da ANPA. No pavillón principal na planta baixa están o despacho do Departamento de Orientación (DO), secretaría, dirección, a biblioteca, a sala de usos múltiples, a sala de mestres e a aula de informática, e na planta de arriba están as aulas de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria, a aula de música, a aula de Pedagogía Terapéutica e a aula de inglés (adaptada como AULA COVID para este curso escolar).

O **Departamento de Orientación** órgano regulado pola Orde do 24 de xullo de 1998 que desenvolve o Decreto 120/1998, que establece a orientación educativa e profesional para a Comunidade Autónoma de Galicia, conta coa orientadora compartida co **CEIPP A Fraga**, un mestra de PT, unha especialista en AL compartida tamén co **CEIPP A Fraga** e unha mestra con perfil de PT/AL para educación infantil compartida co **IES Moncho Valcarce**.

O **ciclo de Educación Infantil** componse de tres **aulas**, unha por nivel. A aula de tres anos conta con **8 alumnos**, a de catro con **9** e a de cinco con **19** cumprindo polo tanto a ratio máxima permitida de 25 alumnos, estipulada no *artigo 4º* da Orde do 25 de xuño de 2009.

Respecto á lingua atenderemos ao estipulado no Decreto 79/2010 para o plurilingüismo . Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a **lingua materna predominante** entre o alumnado, e **deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo**.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.

Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

Dentro do horario contamos coa participación da **especialista en Inglés** e a mestra de **Relixión Católica**, tal como indica a orde do 25 de xuño de 2009. Ademais, a mestra de apoio con perfil de PT/AL imparte unha sesión semanal do **Programa PELO**, unha sesión **de música** e unha sesión de **atención educativa** nos tres niveis.

O centro oferta a ensinanza da **relixión católica**, dita ensinanza será impartida na biblioteca do centro por unha mestra especializada (compartida co CEIPP A Magdalena) que acude ao centro de luns a mércores. Os alumnos restantes quedarán nas súas aulas coa mestra de apoio para desenvolver as **actividades alternativas** á relixión, reguladas na Orde do 4 de outubro de 1995.

O centro é plurilingüe, impartindo a plástica en lingua inglesa na etapa de primaria neste curso escolar 2020/2021. Así mesmo, contamos coa participación dunha **auxiliar de conversa** no centro, que se incorporará previsiblemente no mes de outubro e que traballará cos alumnos/as de primaria.

Para rematar falamos da nosa **relación coas familias**. Segundo o Decreto 330/2009 “*os centros cooperarán estreitamente con nais e pais e establecerán mecanismos para favorecer a súa participación no proceso educativo os seus fillos e das súas fillas*”. Así, pola nosa banda adoitaremos as medidas necesarias para que as familias teñan unha implicación máis directa no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas (por exemplo, promovendo a súa participación en festas, conmemoracións e colaboracións en actividades, se a situación provocada pola COVID-19 no lo permite).

Respecto ás actividades periódicas para intercambiar información coas familias atenderemos ó estipulado na Orde do 25 de xuño de 2009, no *artigo 11º* realizando como mínimo **unha xuntanza ó inicio do curso escolar**, así como dedicar os **luns de 17.00 a 18.00 horas** á realización de entrevistas individuais se así fose solicitado por calquera das partes implicadas no proceso educativo (preferiblemente de maneira telefónica ou videochamada por mor da situación epidemiolóxica que estamos vivindo).

II.- ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

1.- CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

O feito de ter en conta as competencias básicas, que establece a proposta realizada pola Unión Europea, supón incorporar no currículo certas aprendizaxes que, non sendo formais, son consideradas de grande importancia para a vida en sociedade e para o crecemento persoal dos alumnos.

Na nosa programación teremos en conta a consecución das seguintes competencias:

Competencia en comunicación lingüística

- Comprender a información de mensaxes auditivas e de textos narrativos sinxelos.
- Aprender a escoitar e a dialogar cos demais.
- Pronunciar de forma clara e comunicarse utilizando recursos lingüísticos e paralingüísticos.
- Expresar ideas e sentimentos.
- Describir obxectos e imaxes.
- Etiquetar imaxes asociadas ao vocabulario usual.

Competencia lóxico-matemática

- Contar, ordenar e numerar obxectos.
- Asociar cantidade e número.
- Situar no tempo as actividades cotiás.
- Clasificar formas, materiais, etc., con distintos criterios.
- Identificar e utilizar axeitadamente conceptos cuantitativos, cualitativos e espaciais.
- Identificar as formas planas e os obxectos que as representan.
- Resolver sinxelos problemas da vida cotiá.
- Desenvolver as tarefas con iniciativa, constancia e rigor.

Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico

- Explorar e coñecer o corpo.
- Controlar o corpo en repouso e en movemento.
- Desenvolver hábitos de hixiene, alimentación, saúde, vestido e descanso.
- Previr riscos e perigos.
- Observar o medio natural.
- Gozar de actividades en contacto coa natureza.
- Protexer e conservar o medio.
- Amosar curiosidade por coñecer os seres vivos, os materiais e a paisaxe.
- Coidar e conservar os obxectos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Acceder a distintas fontes para a busca de información.
- Acceder ao ordenador.
- Manexar o teclado e o rato.
- Manexar enlaces na navegación controlada.
- Respectar o tempo de uso.

Competencia social e cidadá

- Practicar o respecto e a colaboración.
- Construír, aceptar e cumprir as regras e as normas.
- Resolver conflitos mediante o diálogo.
- Coñecer e participar nas actividades do medio.
- escoitar e participar de forma activa, en situacións habituais.

Competencia cultural e artística

- Practicar con distintos materiais e técnicas.
- Interese por escoitar contos e historias.
- Utilizar a biblioteca para ver e ler contos.
- Realizar dramatizacións.
- Cantar cancións.
- Facer música con obxectos e instrumentos musicais.
- escoitar obras musicais.
- Participar en movementos e danzas.
- Amosar interese polas actividades culturais.
- Utilizar o lecer de forma activa.
- Coñecer outras formas de vida e cultura.

Competencia para aprender a aprender

- Coñecer e confiar nas súas posibilidades.
- Valorar o traballo ben feito.
- Planificar, organizar e prestar atención nas súas tarefas.
- Ser constante nas súas tarefas.
- Observar e explorar.
- Recoller e rexistrar información.

Competencia de autonomía e iniciativa persoal

- Actuar con seguridade.
- Ter unha imaxe axustada das súas posibilidades e limitacións.
- Cumprir con responsabilidade as tarefas.
- Resolver novas tarefas e problemas da vida cotiá.
- Actuar con autonomía na hixiene, na alimentación, na saúde , no vestido e no descanso.
- Adoptar comportamentos de prevención e seguridade ante o risco.
- Coñecer, controlar e expresar os seus sentimentos e emocións.
- Compartir e resolver conflitos.
- Tolerar a frustración e o fracaso.
- Compartir para resolver conflitos.
- Manifestar afecto cos adultos e cos iguais.

2.- OBXECTIVOS

Os obxectivos defínense por medio de capacidades que nenos e nenas teñen que ter acadado ó finalizar a etapa de Educación Infantil. As cinco grandes capacidades, base da Educación Infantil, son: **afectiva, cognitiva, motora, de relación interpersoal e de inserción social**. Estas aparecen reflectidas en tódalas escalas do sistema educativo, ó longo dos tres niveis de concreción (PE, PD e PA) e sempre dun modo interrelacionado. Polo tanto, tódalas capacidades traballaranse dun modo conxunto tanto por ter o mesmo grao de importancia como pola súa repercusión no desenvolvemento integral do individuo.

No *artigo 4º* do citado Decreto 330/2009 se indica que a educación infantil contribuirá a desenvolver as capacidades que lles permitan o seguinte:

- ◆ Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- ◆ Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- ◆ Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- ◆ Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- ◆ Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

- ◆ Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- ◆ Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- ◆ Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- ◆ Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

A continuación presentamos os obxectivos desta programación de ciclo divididos nas tres áreas que establece o currículo para a etapa de educación infantil:

Área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

En relación con esta área a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- ◆ Formarse unha autoimaxe axustada e positiva.
- ◆ Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións.
- ◆ Identificar os propios sentimentos, emocións,...
- ◆ Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas.
- ◆ Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e a alimentación.
- ◆ Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- ◆ Mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- ◆ Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio de coñecemento.
- ◆ Afianzar progresivamente a propia lateralidade exercitándoa libremente.

Área de Coñecemento do contorno

En relación con esta área a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- ◆ Observar e explorar de forma activa o seu contorno.
- ◆ Observar os cambios e modificacións aos que están sometidos os elementos do contorno como os cambios de estacións,...

- ◆ Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez mais equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- ◆ Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade á que pertencen.
- ◆ Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega : expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía...
- ◆ Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificadores.

Área de linguaxes: comunicación e representación

En relación con esta área a intervención educativa terá como obxectivo :

- ◆ Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe y de gozo.
- ◆ Comunicarse oralmente na súa lingua materna e iniciarse na segunda lingua oficial..
- ◆ Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- ◆ Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de gozo.
- ◆ Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
- ◆ Achegarse ao coñecemento de obras artísticas..
- ◆ Apreciar as súas producións plásticas e as dos demais.
- ◆ Achegarse ao coñecemento e emprego das TICS.

3.- SECUENCIA DE CONTIDOS

Os contidos, xunto cos obxectivos e os criterios de avaliación, constitúen un dos elementos prescritivos do currículo. Abordalos diariamente na aula significará traballar na consecución dos obxectivos, polo tanto vemos que existe unha estreita relación entre ambas premisas.

Na actualidade contémpanse tres tipos de contidos: **conceptuais**, **procedimentais** e **actitudinais**. Todos terán a mesma consideración e relevancia dentro da nosa labor cotiá, sen primar uns por enriba doutros.

O alumnado terá que manexar conceptos, entendelos e traballalos, pero tamén terá que adquirir os procedementos e técnicas para levalos á práctica, entendendo cales son as normas e actitudes básicas de actuación no noso contorno próximo. É dicir, a confluencia na escola de todos estes aprendizaxes implicará un enriquecemento dos coñecementos que o individuo xa posúe; non esquezamos que moitos aprendizaxes básicos consolídanse nos primeiros anos de vida.

A continuación mostramos unha relación dos **contidos** que traballaremos ao longo do **2º ciclo de educación infantil**:

- ◆ Hábitos hixiénicos relacionados coa saúde.
- ◆ Hábitos sociais: saúdos e despedidas.
- ◆ Hábitos de autonomía e resolución de conflitos.
- ◆ A escola: dependencias e funcións.
- ◆ O contorno escolar: espazos e profesionais do centro.
- ◆ A aula: lugares, obxectos e materiais.
- ◆ Actividades e rutinas diarias.
- ◆ O uso dos espazos escolares.
- ◆ Aceptación das normas establecidas para o funcionamento do grupo-clase.
- ◆ Coidado dos espazos e obxectos do centro.
- ◆ Valoración da importancia da orde e a limpeza na aula.
- ◆ Características persoais propias: nome e idade.
- ◆ Diferenzas e semellanzas entre as persoas.
- ◆ Pezas de vestir.
- ◆ Sentimentos: expresión e identificación.
- ◆ Utilización do diálogo para establecer colectivamente normas de comportamento na aula.
- ◆ As estacións.
- ◆ As festas populares.
- ◆ Xogo.
- ◆ A rúa.
- ◆ Os servizos públicos.
- ◆ Medios de comunicación.
- ◆ O universo: terra, sol, lúa, ...
- ◆ Os animais.
- ◆ As plantas.

- ◆ A paisaxe.
- ◆ Realización de trazos.
- ◆ Formas xeométricas.
- ◆ Series e secuencias.
- ◆ Quebracabezas.
- ◆ Ordinais.
- ◆ Números do 1 ao 9: cantidade e grafía.
- ◆ Cuantificadores.
- ◆ Secuencias temporais.
- ◆ A linguaxe como medio para comunicar sentimentos, experiencias e desexos persoais.
- ◆ Intensidade do son.
- ◆ Calidades do son.
- ◆ O texto escrito: poesía, carta, adiviñas, receitas, xornais...
- ◆ As Tics.
- ◆ Instrumentos musicais.
- ◆ Gusto por coñecer e explorar as propias capacidades expresivas.
- ◆ Valoración das producións artísticas propias e dos outros.
- ◆ Gozo coas actividades baseadas na linguaxe corporal e a dramatización.
- ◆ Participación en actividades de xogo dramático e simbólico.

4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Atendendo á Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, defínese a avaliación como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo que se realizará de forma continua, considerándose un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento das nenas e dos nenos, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais como colectivas.

Partiremos desta idea para entender a avaliación coma un proceso onde non só analizamos os avances que acada o noso alumnado, senón tamén como se desenvolveu e se a nosa actuación foi correcta en beneficio tanto do alumnado como do propio proceso.

A avaliación será **global, continua e formativa**. Global porque o referente será o conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos de etapa. A avaliación continua será un elemento inseparable do proceso educativo, onde recolleremos permanentemente información sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A avaliación formativa, con carácter regulador e orientador supón unha mellora tanto dos procesos coma dos resultados da intervención educativa.

Dentro da nomeada Orde do 25 de xuño de 2009 establece que os criterios de avaliación serán un referente para a identificación das posibilidades e dificultades do alumnado e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas.

A continuación expoñemos os **criterios mínimos**, para o **2º ciclo de educación infantil**:

- Realizar actividades cotiás con iniciativa e autonomía.
- Recoñecer cambios asociados a cada estación.
- Cumprir normas de comportamento establecidas.
- Interaccionar cos demais expresando sentimentos e emocións.
- Mostrar interese por actividades culturais e artísticas.
- Recoñecer, trazar e asociar os números de 0 a 9 coa súa cantidade.
- Adquirir conceptos básicos espazo-temporais.
- Contar, seriar, clasificar e ordenar elementos e coleccións.
- Realizar sumas e restas sinxelas.
- Utilizar o ordenador como medio de aprendizaxe e fonte de información.
- Participar en situacións de lectura na aula.
- Iniciarase na linguaxe escrita, realizando progresivamente trazos máis precisos.

Estes criterios servirán de guía á hora de valorar o paso de educación infantil a educación primaria, tendo en conta tamén outros aspectos como o desenvolvemento do propio neno ou nena ao longo da etapa e a opinión do equipo de ciclo e equipo docente, así como aquelas outras valoracións que se consideren oportunas.

Ó remate de cada trimestre entregaremos ás familias un **informe escrito**, comunicándolles:

- ✓ Os progresos e dificultades detectados na consecución dos obxectivos.
- ✓ Desenvolvemento do proceso de integración socioeducativa.
- ✓ Grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas.
- ✓ Medidas de apoio e reforzo educativo, de ser o caso.

Ó finalizar o curso o titor cumprimentará o **informe anual de avaliación individualizado**, onde se recollerán os *aspectos máis significativos* do proceso de aprendizaxe: **grao de consecución dos obxectivos**, así como as **medidas de reforzo e adaptación** empregadas. No caso de rematar o ciclo o titor/a cumprimentará un **informe individualizado de final de ciclo** onde se indicará o avance na **consecución dos obxectivos** correspondentes ó ciclo e o grao de iniciación no desenvolvemento das **competencias básicas**. Así mesmo, faranse constar os aspectos máis salientables do progreso educativo e as medidas de reforzo e adaptación, se fose o caso. Estes informes incluíranse no expediente persoal do alumno/a.

4.1 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para levar a cabo o proceso avaliador e cumprimentar a documentación exposta anteriormente é fundamental determinar cales serán os instrumentos a empregar e os procedementos a levar a cabo.

Por unha banda, cabe sinalar que a Orde do 25 de xuño de 2009 determina a obriga de celebrar catro *sesións de avaliación*: unha inicial e tres ó longo do curso. Asistirá o profesorado implicado no grupo-aula: titor/a, especialistas en inglés e AL, mestra de relixión católica, mestra de apoio e outros mestres que puideran participar no proceso educativo. Nestas sesións valorarase as aprendizaxes do alumnado, o desenvolvemento da práctica docente e propóranse as melloras pertinentes.

Por outra banda, a *principal técnica de recollida de información* que marca a lexislación é a **observación directa e sistemática**, aínda que empregaremos tamén outros elementos tales como:

- Rexistro escrito do titor/a de incidencias e acontecementos salientables.
- Táboas de dobre entrada para avaliar de maneira sistemática o grao de adquisición de distintos aprendizaxes.
- Entrevistas cos familiares do nenos e nenas.
- Información trasladada polas mestras partícipes no proceso educativo da aula.

5.- O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Nesta programación, incluímos este apartado considerando a importancia que ten o período de adaptación na etapa de educación infantil como momento inicial da escolarización, cunhas características propias avaladas e reguladas na lexislación actual. Na Orde do 22 de xullo de 1997 régulanse os **aspectos** que o regulan:

- ✓ Actividades específicas
- ✓ Agrupamentos flexibles
- ✓ Flexibilización de horario

- ✓ Participación/colaboración das familias

Actualmente, a orde anual do calendario escolar, neste caso a Orde do 25 de xuño do 2020, é a que indica a duración máxima do período de adaptación (neste curso ata o 30 de setembro).

Para organizar o período de adaptación haberá unha **reunión coas familias** no mes de setembro, na que se explicarán aspectos fundamentais como a organización de dito período (horarios, grupos...) e outras moitas cousas relacionadas co inicio de curso da etapa de 4º EI.

Nembargantes, **a organización do período de adaptación dependerá do titor ou titora**, podendo no caso de non ser posible a realización dun horario axeitado ás circunstancias e necesidades das familias empregar a **orde alfabética ou outros criterios considerados axeitados** como medio para agrupar aos alumnos/as e organizar os horarios.

6.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O currículo de educación infantil establece que *“os métodos de traballo en ambos os ciclos basearanse nas experiencias, nas actividades e no xogo, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e integración social”*. Polo tanto, este será o eixo fundamental da metodoloxía empregada nas nosas aulas. Outros aspectos nos que incide o currículo son :

- Ambiente de aprendizaxe: unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, será fundamental para a consecución das intencións educativas.
- Perspectiva didáctica: atendendo a importancia do enfoque globalizador, dando unha oferta variada de experiencias combinando proxectos ou unidades didácticas con outro tipo de propostas globalizadas.
- Papel do profesorado e alumnado: como docentes analizaremos os coñecementos previos do alumnado ofrecendo actividades estimulantes, promovendo as interaccións entre os alumnos, o respecto polos traballos dos demais... asumindo como docentes un papel de guía, de canle para propiciar e favorecer o desenvolvemento integral de cada neno e nena.
 - Agrupamentos: Variados e heteroxéneos.
 - Apertura do contorno: a participación de tódolos membros da comunidade educativa será primordial no desenvolvemento das actividades e experiencias que realicemos nesta etapa.

A elección destes principios como base da nosa metodoloxía supón dentro da práctica diaria unha atención adecuada á diversidade imperante, é dicir, a correcta aplicación do seu significado, impregnando o proceso educativo dun adecuado clima de afecto, baseado no diálogo e na

comprensión, así como na atención ás características propias de cada un dos alumnos e alumnas que compoñen a nosa aula, será clave na atención ás necesidades de tódolos alumnos/as que forman parte do grupo.

Ademais, cabe destacar que levamos tres cursos realizando un **Proxecto anual da Biblioteca** onde participa todo o centro. Neste curso pretendemos continuar este tipo de actividades que permitan a interrelación entre os distintos niveis e etapas que conforman o alumnado do noso colexio cun proxecto titulado “**LILICIENCIA**” (Proxecto que traballará todo aquilo relacionado coa ciencia).

Por outra banda, e aproveitando como fío condutor o proxecto da biblioteca, nas aulas de infantil levaremos a cabo un **PROXECTO sobre a CIENCIA**, onde coñeceremos e realizaremos diferentes experimentos adaptados á idade do noso alumnado.

6.1 ADECUACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19: ESCENARIOS

Tendo en conta que o alumnado de Educación Infantil ten unhas características propias moi marcadas pola súa singularidade, o ritmo de aprendizaxe de cada neno/a é único, polo que o tratamento personalizado nesta etapa é imprescindible. Por todo isto, e debido á situación na que nos atopamos, tal e como recollen as Instrucións do 30 de xuño de 2020, debemos programar tendo en conta tres posibles escenarios de ensinanza (presencial, semipresencial e non presencial); usando sempre aquelas ferramentas que máis se adecúen ás características do alumnado e das propias familias. Priorizarase o benestar do neno/a, pensando especialmente na súa situación emocional, polo que o contacto será continuo e totalmente personalizado.

- **Ensinanza presencial.**
- **Ensinanza semipresencial:** convinarase a proposta presencial coa non presencial, axeitando os tempos ás necesidades de cada momento. O grupo de alumnos e alumnas que se atope na quenda non presencial recibirá as tarefas a través da Aula Virtual da súa titoría principalmente (plataforma na que se explicará o desenvolvemento das mesmas). Esta non se adapta especialmente á etapa de Educación Infantil, é unha ferramenta pouco práctica e atractiva para levar a cabo un traballo que require ser máis manipulativo dada a idade dos nenos e nenas, polo que teremos en conta outras vías/ferramentas para facilitar o traballo a realizar nas súas casas: correo electrónico, chamadas telefónicas, videochamadas, Abalar, Cisco Webex, blogs ou plataformas que se poidan crear e que poidan axudar ás familias... Este aspecto é importante a ter en conta, xa que aínda que se fixo unha enquisa a principios de curso para coñecer as condicións e ferramentas tecnolóxicas das súas casas, esta situación pode variar no tempo ou segundo as circunstancias de cada familia.
- **Ensinanza non presencial:** programaranse as tarefas de xeito periódico e colgaranse na Aula Virtual ou a través dalgunha das ferramentas descritas no apartado anterior.

Cabe destacar que estes tres escenarios son concretados por cada un dos/as titores/as nas súas programacións de aula correspondentes.

6.2 CONCRECIÓN DO “PLAN DE ADAPTACIÓN Á COVID-19”

Tomando en consideración a situación epidemiolóxica ante a que nos atopamos, ao longo deste curso 2020/2021 nas aulas de Educación Infantil primarase o **benestar emocional do alumnado**, antepoñendo o establecemento dun **vínculo afectivo entre alumnado, profesorado e familias**. Ao mesmo tempo, favoreceranse e desenvolveranse medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde, intentando crear unha **contorna escolar cada vez máis saudable e segura**.

Estas son as especificidades para a etapa de Infantil:

- **Grupos de Convivencia Estables**
- **Grupos Colaborativos:** Tendo en conta as reducidas proporcións das aulas, a ratio de cada grupo-aula e o mobiliario do que se dispón en cada unha delas, establecemos grupos colaborativos de nenos e nenas. Estes equipos manteranse estables no tempo, preferiblemente ao longo de todo o curso, e na aula manterán unha distancia de 1,5 metros entre si (sempre que sexa posible).
- **Organización das aulas:** Nas clases cóntase cun espazo de mesas, separadas a 1,5 metros entre si (sempre que o espazo o permite), para cada grupo colaborativo. A maiores, existe un amplo espazo na aula onde, respectando as medidas hixiénico-sanitarias e a distancia de seguridade entre equipos, poderemos desenvolver diferentes actividades en gran grupo. Asemade, logo de eliminar o mobiliario e material que se considerou oportuno, as aulas quedan organizadas en distintos espazos de xogo, de modo que cada grupo colaborativo acceda a cada un deles sen ter contacto entre si e mantendo a distancia cos demais subgrupos.
- **Desinfección de materiais:** Na medida do posible, cada alumna e alumno contará co seu material individual (lapis, ceras, rotuladores, tesoiras, almofada, punzón, plastilina...). No caso de que isto non sexa posible, coma no caso dalgúns xogos ou outro material manipulativo, desinfectarase dito material entre uso e uso ao tempo que o alumnado hixienizará as súas mans antes e despois da súa utilización. Cabe destacar que este material non estará á libre disposición do alumnado, senón que sempre será supervisado polo titor/a.
- **Ventilación:** Procurarase manter as aulas ventiladas durante toda a xornada escolar, en caso de que a chuvia e/ou o frío non sexan excesivos. En caso de que isto non sexa posible, aproveitaranse as entradas, os recreos e as saídas para ventilar un mínimo de tres veces na mañá.
- **Uso de máscara:** Todo o alumnado de infantil portará máscara de xeito obrigatorio cando non se atope no interior da súa aula (entradas, saídas, baños, recreos...). Asemade, aínda que o seu uso dentro das clases só é recomendable, na reunión inicial entre as familias e os titores/as consensuouse

que o alumnado de Educación Infantil tamén portase máscara no interior da aula, agás no momento da merenda, sempre que os nenos e nenas a tolerasen e non se sentisen incómodas e incómodos con ela. Todo o profesorado que entre nas aulas levarán máscara de maneira obrigatoria.

- **Hixiene de mans:** O alumnado hixienizará as mans, como mínimo, cinco veces ao día: nas entradas e saídas da aula, cada vez que empregue o WC, cada vez que tusa ou esbirre, antes e despois do uso de calquera material común, así como no acceso a calquera aula ou espazo compartido do centro.

- **Aseos:** Empregarase máscara de xeito obrigatorio e só poderá acceder 1 neno/a cada vez. Queda establecido un semáforo para facilitar o tránsito a este espazo.

- **Entradas ao centro:** Chegarán ao centro con máscara e accederán ao recinto escolar pola porta do patio de infantil en dous turnos diferenciados. O alumnado de 6º de EI ás 9.00 horas e o alumnado de 4º e 5º de EI ás 9.10 horas (posto que son dous grupos pouco numerosos). O familiar que acompañe aos nenos/as non poderá acceder ao centro, recibiraas o titor/a.

- **Saídas do centro:** Sairemos ás 13.50 horas por quendas para evitar aglomeracións. O titor/s será o encargado da entrega do seu alumnado e só as poderán esperar na porta un membro por familia.

- **Recreos:** O alumnado de infantil sairá ao recreo en dúas quendas. Na 1ª quenda (10.55 – 11.25 horas) sairá o alumnado de 4º e 5º de Infantil, que compartirán horario pero non espazo de xogo e á volta merendarán na aula. Na 2ª quenda (11.30-12.00 horas) sairá o alumnado de 6º de Infantil. No caso de ter un día de moita chuvia, o recreo farase no interior da aula.

- **Actividades extraescolares:** por mor da situación actual a ANPA do centro decidíu suspender todas as actividades extraescolar para este curso escolar.

- **Mestres/as especialistas:** As aulas de referencia serán as de Infantil e o alumnado só a abandonará para recibir clase de Psicomotricidade, Relixión e, de ser o caso, de Audición e Linguaxe ou Pedagogía Terapéutica. Tamén poderán saír á Biblioteca do centro. Os mestres/as de Inglés, Música e Atención Educativa virán á clase, portando máscara de xeito obrigatorio.

- **Alumnado con síntomas:**

➤ **Antes de acceder ao centro:** As familias informarán ao centro de calquera síntoma ou aspecto relacionado con esta enfermidade, sempre que o alumnado presente síntomas antes de acceder ó centro. O titor/a informará ao Equipo Covid de calquera incidencia. Para detectar ditos síntomas envióselle ás familias a “Enquisa de Autoavaliación Clínica da Covid-19” ao tempo que firmaron a “Declaración Responsable” conforme non enviarían ao centro a un neno/a con síntomas e a mantelo/a en illamento preventivo domiciliario cando así se ditamine.

➤ **No propio centro:** Ante a aparición dun caso sospeitoso na aula, o titor/a ou mestre/a especialista que nese momento se encontre co alumno/a en cuestión, informará ao Equipo Covid e este neno/a permanecerá illado na ‘Aula Covid’ habilitada para tal uso. Contactarase coa familia e notificaráselle a situación á Xefatura Territorial de Sanidade, que será quen indique os pasos a seguir.

- **Titorías:** Serán sempre con cita previa, nas propias aulas e en horario de tarde. Primarase a vía telemática, aínda que tamén poden ser presenciais, sempre que se respecten as medidas hixiénico-sanitarias e de distanciamento social. Salvo casos excepcionais, só poderá acudir un proxenitor e/ou titor legal e no caso de que se produzan dúas ou máis titorías seguidas, deberase garantir a ventilación e a desinfección do espazo.

Calquera outra cuestión relacionada co “Plan de Adaptación á Covid-19”, poderá consultarse o documento de centro publicado na web do mesmo.

7.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

7.1 DIVERSIDADE DO AULA

Atendendo ó estipulado no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil para a Comunidade Autónoma de Galicia, a partir do que se desenvolve esta programación didáctica, rescatamos este parágrafo:

“A intervención educativa debe recoller como principio a **diversidade do alumnado**, adaptando a práctica educativa ás *características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo* dos nenos e nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración. (...) Terase en conta o principio de **flexibilidade** para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa”.

Podemos indicar unha serie de puntos para concretar como a atención á diversidade se reflicte na práctica educativa do centro. En primeiro lugar, a **atención individualizada** destaca como eixo central dunha práctica educativa dirixida a grupos onde “per se” a heteroxeneidade é a súa principal característica.

Por outro lado, a **flexibilidade do tempo e do espazo** non poden ser esquecidas na planificación das programacións. É fundamental respectar as necesidades e características do alumnado ó que estamos atendendo e, por iso, estaremos preparados para poder solucionar as distintas situacións que se produzan neste senso.

Noutro punto resaltaríamos a **adecuación das actividades** que, dentro do seu amplo abano, ofrecen a posibilidade de poder reforzar e afondar nos aspectos que consideremos sexan necesarios para o noso alumnado (actividades de reforzo e ampliación).

Por último, destacamos que dentro do sistema educativo a **coordinación entre os distintos sectores** especialistas tanto do centro, no DO, coma a nivel provincial, no EOE, contemplan entre as súas funcións o asesoramento a mestres, titores e proxenitores.

7.2 ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

No curso actual, contamos cunha alumna da aula de 4 anos con NEAE, pero non podemos obviar determinadas atencións específicas a algúns alumnos ou alumnas levadas a cabo por parte da **mestra especialista de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica**. Neste curso, os nenos e nenas que acoden a sesións con estas mestras son: 2 alumnos/as de 5º EI e 3 alumnos/as de 6º EI.

8.- CONCRECIÓN DO PLAN TIC

A escola non pode permanecer á marxe das novas tecnoloxías da información e da comunicación. Os nenos e nenas conviven desde o seu nacemento con todo tipo de equipos tecnolóxicos. É un feito que viven con máis interese as actividades escolares e que manteñen mellor a atención se na aprendizaxe se empregan medios tecnolóxicos de información e de comunicación: televisión, cine, vídeo, DVD, PDI, fotografía e ordenador. Polo tanto, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación presentes na vida infantil, requiren un tratamento educativo que inicie aos nenos/as na comprensión das mensaxes audiovisuais e na utilización axeitada, identificando o papel que estas novas tecnoloxías teñen nas súas vidas. Na etapa da Educación Infantil deberán iniciarse no uso de diversos instrumentos tecnolóxicos (ordenador, reprodutores de imaxe e son...) e no coñecemento de diferentes producións audiovisuais, valorando progresivamente os seus contidos e tomando conciencia da necesidade de utilizalos moderadamente.

Os máis pequenos asumen con naturalidade a presenza do ordenador no medio escolar. A propia aprendizaxe é para eles un xogo; e o ordenador é un recurso didáctico para aprender e xogar.

Por outro lado, non podemos esquecer que actualmente o manexo do ordenador é unha necesidade. A sociedade actual utilízao en tódolos ámbitos; se queremos preparar ao alumnado para que sexa membro activo e integrado da sociedade, deben coñecer e saber utilizar esta tecnoloxía. Polo tanto, é importante empezar esta preparación desde os primeiros niveis educativos.

Obxectivos:

Os obxectivos que se pretenden conseguir nesta etapa educativa son os seguintes:

- Establecer as adecuacións que as TIC ofrecen ante casos da diversidade dos educandos: desenvolve-lo ensino da linguaxe oral, escrita, atención, memoria, operacións lóxico-matemáticas, facendo uso dos novos recursos.
- Empregar o ordenador como un instrumento máis de xogo, de aprendizaxe, familiarizándose con el e co seu manexo.
- Coñecer as características e posibilidades comunicativas das novas tecnoloxías, desenvolvendo unha actitude crítica de cara a estes medios.
- Empregalo ordenador como vehículo de adquisición de coñecementos, hábitos, actitudes e destrezas (AULA VIRTUAL).
- Coñecer e por en práctica normas básicas de funcionamento do ordenador: acendido, apagado, manexo do teclado e do rato.

Contidos:

Os contidos propios deste ámbito que se van poder desenvolver na Educación Infantil serán:

- Instrumentos tecnolóxicos: ordenador, pizarra dixital, reprodutores de son e imaxe.
- Producións audiovisuais: películas, debuxos animados.
- Normas de uso e coidado.

Para a consecución destes obxectivos utilizaránse diferentes xogos informáticos, entre eles os máis empregados serán: os xogos informáticos do método globalizado como Pipo (Aprender a leer con Pipo, Aprende matemáticas con Pipo...), xogos educativos do portal educativo e da rede.

9.- CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Co fin de favorecer un clima escolar axeitado e tendo en conta os tres ámbitos implicados no proceso de ensino-aprendizaxe teranse en conta os seguintes plantexamentos:

9.1. En relación ao profesorado:

- Coñecer aspectos teóricos básicos para a convivencia entre iguais.

- Dotar ao profesorado de ferramentas prácticas para a detección e intervención de convivencia no centro.
- Clarificar as vías de actuación que lle permitan ao profesorado resolver, derivar ou notificar posibles situacións de conflito que se den na aula.

9.2. En relación ao alumnado:

- Establecer un circuito de actuación claro que lles permita informar nun ambiente de confianza dos feitos que puideron observar e romper coa “lei do silencio”.
- Desenvolver habilidades de autoprotección e seguridade persoal.
- Difundir entre o alumnado os dispositivos de axuda existentes no entorno.
- Ofrecer modelos de actuación nos que se transmitan valores universais ao alumnado.
- Traballar de xeito transversal no currículo os valores que conducen a un clima de aula e centro bo.
- Establecer un Programa de acollida para o alumnado de escolarización tardía no que se fará fincapé na inmersión lingüística ademais da familiarización coa nosa cultura, costumes, hábitos de conducta correctos, normas de convivencia, etc.

9.3. En relación as familias:

- Sensibilizar aos pais/nais ou titores legais sobre a importancia de previr conductas violentas nos seus fillos.
- Dotar as familias de ferramentas para detectar a implicación dos seus fillos en conflitos no centro escolar e dar pautas de actuación.
- Favorecer a reflexión das familias sobre a importancia do estilo de interacción familiar.

10.- RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos xogarán un papel moi importante na posta en práctica desta programación, xa que facilitarán a aprendizaxe e motivarán aos nenos/as. Os **recursos** que se empregarán no transcurso desta programación de aula serán: **materiais, humanos e ambientais**.

En primeiro lugar faremos referencia aos **recursos materiais**, estes poden ser didácticos ou curriculares.

Os materiais didácticos son os elementos de xogo e traballo válidos para desenvolver habilidades e capacidades e que permiten realizar novas aprendizaxes.

Estes recursos materiais proporcionan aos discentes innumerables oportunidades de manipulación, observación e experimentación e deben cumprir unha serie de requisitos mínimos que lles fagan aconsellables en: seguridade, solidez, adecuación, atractivos e estimulantes, suxestivos e variados. A grandes liñas os recursos didácticos que empregaremos no desenvolvemento da programación serán: materiais de xogo, de psicomotricidade, de linguaxe, de educación sensorial, de matemáticas de observación e experimentación e de educación artística. Dentro de cada unha destas categorías atoparanse multitude de materiais que poderán variar para a posta en práctica de cada proxecto/unidade didáctica.

Os materiais curriculares, segundo o Decreto 89/1993 de 19 de abril polo que se regula a autorización dos libros de textos e outros materiais curriculares para os ensinos de réxime xeral, son aqueles libros de texto e outros materiais editados que profesores e alumnos/as utilizan nos centros docentes para o desenvolvemento e aplicación do currículo.

En segundo lugar, os **recursos humanos** necesarios para a execución desta programación serán todas as persoas implicadas no proceso educativo. Os principais recursos humanos son o mestre titor/a, os demais membros de comunidade educativa, os escolares do aula e do centro, as familias e calquera outra persoa que axude na acción educativa (guías, contacontos...).

En terceiro lugar, en relación aos **recursos ambientais** que se utilizarán para a posta en práctica desta programación de aula destacan: o aula e todas as dependencias do centro, a contorna exterior do centro (patio e contorna exterior natural) e os lugares onde se desenvolvan as actividades complementarias establecidas durante o curso.

11.- ACCIÓNS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

As actividades que se desenvolverán nesta etapa educativa incluídas no Proxecto Lector serán:

- Organizar exposicións dos seus libros preferidos e das novidades que chegan á biblioteca.
- Iniciación na lectura de contos da biblioteca de aula.
- Elaboración de murais sobre contos.
- Lectura de pictogramas.
- Organizar pequenas representacións de diferentes tipos de textos.
- Organizar por aulas o recuncho de lectura, onde pode ir o alumnado que remata as distintas tarefas da clase.

- Servicio de préstamo na biblioteca de aula e tamén da biblioteca do cole.
- Unha sesión semanal de animación á lectura.
- Participación no programa da Mochila Viaxeira.
- Conmemoración do Día do Libro.
- Conmemoración da Semana da Prensa.
- Entrega de dípticos ás familias con recomendacións de libros de lectura por idades.

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No tocante ás **actividades complementarias**, sempre que a situación epidemiolóxica e as medidas hixiénico-sanitarias o permitan, realizaranse algunhas como por exemplo:

- Contacontos, obras teatrais, espectáculos musicais...
- Celebracións como o Samaín/Magosto, o Nadal, o Entroido... (sempre a nivel de aula pola situación actual).

- E tal e como se recolle na *Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións: Día Universal da Infancia, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día Internacional da Educación, Día Escolar da Non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller, Día Mundial dos Dereitos do Consumidor, Semana da Prensa, Día Mundial da Saúde, Semana do Libro, Día Internacional contra o Acoso Escolar, Día de Europa, Semana das Letras Galegas e Día Mundial do Medio Ambiente.

As **actividades extraescolares** ofertadas pola ANPA do centro quedan suspendidas temporalmente ata que a situación provocada pola COVID-19 mellore.

13.- EDUCACIÓN EN VALORES

Na nosa programación a educación en valores trabállase de maneira globalizada como contidos actitudinais que forman parte das actividades en tódalas áreas.

Pretendemos inculcar no alumnado valores como:

- A igualdade entre homes e mulleres.

- Respeto e valoración a diferentes culturas.
- Cuidar e respetar o medio ambiente.
- Educación no consumo responsable.
- Respetar as normas que se establecen.
- Ser solidario.

Algúns exemplos de actividades que desenvolvemos para traballalos son:

- O Día da Paz, os momentos de resolución de conflitos (educación para a paz).
- Xogos cooperativos na celebración do magosto, a participación no xornal escolar e a participación na recollida de tapóns (educación moral e cívica).
- Participación en concursos nos que se utiliza material de refugallo (educación ambiental).
- O calendario de almozos marcado polo equipo de ciclo para non abusar de bolos industriais e doces, Plan de consumo de froita fresca na escola (educación para a saúde).
- Sesións de contacontos nos que se dan a coñecer outras razas e non sexistas (o Día da Muller Traballadora, Día dos Dereitos do neno/a).

Todos estes valores son tidos en conta nos obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación.

O fin da educación é o desenrolo da personalidade do neno/a, ademais da adquisición de coñecementos, destrezas e habilidades, por iso fomentamos persoas capaces de vivir en sociedade desde o respecto, a participación, a liberdade, a valoración ética-moral, a convivencia, a igualdade..., valores que conforman a sociedade actual.

14.- PROXECTO LINGÜÍSTICO

A lingua materna predominante do alumnado foi determinada polo centro como resultado de consultar por escrito ás familias de nova matrícula ao inicio do curso escolar, resultando como lingua materna predominante o castelán, como figura no Proxecto Lingüístico de Centro.

Tendo en conta a lingua predominante, o equipo de ciclo procurará que o alumnado adquira de forma oral e escrita a lingua galega.

Para que o alumnado de infantil se aproxime a unha lingua estranxeira, recibe unha sesión semanal de inglés.

15.- PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

	INDICADORES	VALORACIÓN	OBSERVACIONES E PROPOSTAS DE MELLORAS
1	Realizo a programación da actividade educativa tendo como referencia o Proxecto Curricular de Etapa e, no seu caso, a Programación de área/ciclo.		
2	Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades que meus alumnos e alumnas deben acadar como reflexo e manifestación da intervención educativa.		
3	Selecciono e secuencio os contidos (coñecementos, procedementos e actitudes) da miña Programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos/as.		
4	Contemplo outros momentos da avaliación inicial: a comezos de un tema, de unidade didáctica, de novos bloques de contido...		
5	Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características dos alumnos/as.		
6	Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e alumnas e comprobar o grao no que alcanzan as aprendizaxes.		
7	Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información (registro de observacións, carpeta do alumno/a, ficha de seguimento, diario de clase...).		
8	Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade dos alumnos/as, das diferentes áreas, dos temas, dos contidos...		
9	Utilizo diferentes medios para informar a pais, profesores e alumnos/as (sesións de avaliación, boletíns informativos, reunións colectivas, entrevistas individuais, Abalarmóbil...) dos resultados da avaliación.		